



AXUDAS PARA OS LIBROS DE TEXTO

Segundo a Orde do 29 de abril 2022, (DOG núm. 95 do 18 de maio de 2022), todo o alumnado de Educación Primaria poderá presentar a solicitude para a adquisición dos libros de texto e material escolar.

No curso 2022/2023 en 3º e 5º de EP permitirase a substitución dos libros de texto para a adaptación aos currículos que establece a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de modificación da Lei orgánica de educación (LOMLOE).

En 4º e 6º de EP manteranse os libros de texto do curso 2021/2022 xa que a adaptación dos currículos no da LOMLOE farase efectiva no curso 2023/2024.

O alumnado matriculado en 5º de EP, está incluído no Proxecto de educación dixital no curso 2022/2023, polo que queda excluído da participación no fondo solidario de libros de texto. Terá dereito á axuda para adquirir material, se reúne os requisitos establecidos na antedita Orde.

Prazo de presentación das solicitudes será do **19 de maio ata o 22 de xuño (este incluído)**.

As solicitudes presentaranse no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación fondolibros: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>, e na Secretaría do Centro.

Os datos para o baremo a ter en conta serán os da Declaración da Renda do 2020, e haberá que achegar orixinal e copia do libro de familia e se a situación familiar é distinta á reflectida no libro, terá que presentar ademáis: sentenza xudicial de divorcio, certificado de convivencia ou informe de servizos sociais que acredite a situación familiar.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.

O alumnado de 6º de Educación Primaria terá que presentar a solicitude no IES que estea admitido. Se no momento de presentar a solicitude aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2022/2023, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2021/2022.

Mais información no teléfono 886 151 272 ou na Secretaría no Centro.